

# **6º Educación Primaria**

## **PROGRAMACIÓN ANUAL**

**CURSO 2020-2021**

**CEIP BARRANTES- TOMIÑO**

## Índice

1. Introducción e contextualización.....	03
2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	06
3. Obxectivos. Contidos. Criterios de avaliación. Estándares de aprendizaxe.....	06
4. Concreción dos estándares de aprendizaxe avaliábeis e grao mínimo de consecución para superar a materia.....	88
5. Actividades e Temporalización .....	90
6. Procedementos e instrumentos de avaliación.....	92
7. Metodoloxía.....	93
8. Materiais e recursos didácticos incluídos libros de texto.....	95
9. Criterios de avaliación e de cualificación e promoción.....	96
10. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e práctica docente.....	97
11. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais e colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados .....	98
12. Medidas de atención á diversidade.....	104
13. Actividades complementarias e extraescolares .....	105
14. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das propias programacións didácticas e procesos de mellora .....	107
15. Plan e actividades de reforzo/ recuperación para alumnado que repite ou promociona con algunha materia pendente.....	107
16. Libre configuración: Obradoiro de expresión oral e escrita en ambas linguas.....	109
17. Accións de contribución ao proxecto lector, ao plan TIC e ao plan de convivencia .....	110
18. Profesorado que imparte docencia no grupo.....	113

## 1.-Introdución e contextualización.

Esta programación está dirixida a 6º de Primaria. É o segundo ano que son titora deste grupo.

As características contextuais son as seguintes:

- **Respecto do entorno**

O CEIP de Barrantes sitúase no concello de Tomiño na parroquia que leva o mesmo nome. Dista poucos quilómetros do país portugués ao seu paso por Vilanova de Cerveira. Conta cunha poboación dedicada principalmente ao sector primario (no que destacan tres eixes económicos fundamentais que son o viño, o kiwi e a planta ornamental). Nos últimos anos, no centro da vila, iniciouse un considerable desenvolvemento dos sectores urbanísticos e comercial e os servizos e recursos con que se conta na zona son moi diversos (culturais, deportivos, asociativos, ...). Dende o concello hai unha implicación notoria na proposta de actividades para todos os centros educativos da zona, na que este centro participa tamén. O concello celebra unha das festas locais nos primeiros días de escola no mes de setembro “Alivio” polo que a maioría das veces empézase un día lectivo máis tarde como ocorreu este ano (no canto do 11/9 empezamos o 12/9).

- **Respecto do centro**

O centro está situado na zona rural anteriormente descrita. Trátase dun C.E.I.P), de unha liña, polo que ten 3 unidades de educación infantil (3 titoras) e 6 de primaria (6 persoas titoras). Son titora da aula de 6º de primaria e pertenzo ó equipo de TICS do centro, e son coordinadora de EDIXGAL. O centro conta con aproximadamente 98 alumn@s e recolleemos do Proxecto sociolingüístico que: O alumnado, na súa maioría, emprega como lingua habitual de comunicación o castelán, aínda procedendo dun entorno rural. En moitos casos existe un comportamento diglósico á hora de dirixirse aos nenos/as por parte das familias. Tamén se da o caso, en menor medida, de nenos e nenas que chegan á escola expresándose en galego na etapa de infantil, e no paso a primaria pásanse ao castelán nas relacións diarias cos seus compañeiros e mestres. Aínda así, o nivel de competencia a nivel de expresión, e sobre todo en comprensión, é moi superior ao nivel de uso.

Polo tanto lingüísticamente trátase dunha área na que principalmente emprégase o galego o que fai que sexa esta a lingua a vehicular da maioría das familias do alumnado, pero non así da maioría dos nenos xa que a medida que ascenden dende a etapa de infantil a primaria van abandonando o uso oral da lingua galega. O nivel socioeconómico e cultural das familias é medio, e estas posúen expectativas suficientes con respecto á educación dos seus fillos/as, polo que existe unha coordinación axustada co centro na tarefa da educación dos seus fillos/as, colaborando tanto na casa como no centro a nivel xeral.

O horario dos alumnos/as é de 9:30 h ás 14:30 h. O horario do profesorado varía en función da garda custodia. Pola tarde os martes de 16:00 a 18:30 (sendo unha hora de 16:00 a 17:00 de titoría) e outra tarde de garda segundo as quendas de 16:00h a 18:00h.

Respecto ós **recursos materiais**, o centro consta dun despacho compartido do director, secretaría e xefatura de estudos, despacho de orientación, sala de mestres, biblioteca, aula de informática, aula de plástica- aula de laboratorio, aula de audiovisuais. Posúe patio cuberto e ó aire libre e patio de infantil, e zonas axardinadas de uso lúdico. Reúne condicións hixiénicas, acústicas, de habitabilidade e de seguridade axeitadas.

Debido ó número de unidades que posúe o centro (9) e tal como indica o Decreto 374/96 e a Orde do 22 de xullo do 97 a **organización do centro** é a seguinte: Órganos unipersoais (director, xefa de estudos e secretaria) e órganos colexiados (Claustro e Consello Escolar). Dentro do Consello Escolar ademais temos a Comisión Económica e a Comisión de Convivencia. Conta cos seguintes órganos de coordinación docente: Comisión de Coordinación Pedagóxica (na que participamos todo o profesorado do centro), Equipo de ciclo de infantil, Equipo de Dinamización da Lingua Galega e Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares. Tamén contamos coas comisións de Biblioteca e Tics. En canto aos profesores especialistas dicir que conta con: especialista de Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe (compartida con outro centro da zona- luns e mércores no noso centro), Música, Relixión (compartida co centro de Goián), Inglés, e Educación Física.

O CEIP está adscrito ao Departamento de Orientación que ten a sede noutro centro escolar da zona. A orientadora ten presenza no centro os luns e mércores e cando o requiran as CCP, e convocatoria de Departamento de Orientación (xeralmente o último martes de mes).

O persoal non docente está formado por 1 coidadora, 1 cociñeira, unha axudante de cociña, o persoal de atención ao alumnado no horario de comedor e o de limpeza do centro.

Contamos cunha ANPA que participa no funcionamento do centro.

Todos estes órganos van favorecer a existencia dunha adecuada coordinación no centro así como o aproveitamento dos recursos presentes no mesmo e no entorno.

O centro conta con servizo de transporte e comedor que ten unha alta demanda.

Continuamos como en anos anteriores, co proxecto de innovación educativa Xogade, e co proxecto Froita na escola.. Tamén se levará a cabo, dentro dos contratos programa o programa ARCO. Contamos co Plan B de Bibliotecas escolares que terá como fío condutor a liña medioambiental.

Este é o terceiro ano de EDIXGAL no centro, que se imparte en 5º e 6º.

## • Respecto do contexto legal

O **marco legal** desta programación é:

- LOMCE 8/2013 do 9 de decembro.
- Decreto 105/2014 do 4 de setembro polo que se establece o currículo de Ed. Primaria en Galicia.
- Orde do 23 de novembro de 2007 polo que se regula a avaliación na Educación Primaria.
- Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021

A miña programación supón a concreción do D.105/14 que establece o currículo de educación primaria na CC.AA de Galicia, PXA e o P.E a un entorno determinado, para o curso 2020-21 e corresponde a 6º de primaria.

A relación co P.E

Na elaboración da miña programación tiven en conta o Proxecto Educativo, xa que este aporta datos sobre a análise do contexto, da ubicación do centro, organización do mesmo, demografía, nivel sociocultural, etc. De todo isto podo destacar o seguinte:

A miña programación está ligada ó P.E xa que utilizo o medio sociocultural como materia curricular, a través da que pretendo a súa participación e a súa realidade.

Relaciónase tamén coas intencionalidades da escola participativa, xa que valoro a colaboración dos distintos membros da comunidade escolar e tamén a importancia do coñecemento da nosa cultura e o desenvolvemento da lingua galega.

Está ligada co tratamento transversal da educación en valores do currículo que impregna toda a proposta de traballo.

Terei tamén presentes os demais aspectos que recolle o P.E e a P.X.A, tales coma os referidos ós aspectos organizativos do centro, materiais curriculares, aspectos da avaliación e formas de participación e colaboración coas familias na vida escolar, etc. Tereino presente e axudame a levar a cabo esta programación.

## • Características dos nenos/as de 6º de primaria

Respectando o establecido no Decreto 30/2007, do 15 de marzo, polo que se regula a admisión do alumnado en centros sostidos con fondos públicos e na Orde do 17 de marzo que o desenvolve, o grupo de 6º está formado por 8 alumnos/as.

O castelán é a lingua vehicular pero comprenden e se expresan nas dúas linguas oficiais. As áreas de Matemáticas e Lingua Castelá impartiranse en castelán e Ciencias sociais, Ciencias Naturais, Lingua Galega e literatura., Educación Física, Educación artística en galego.

Neste curso teño un neno que repetiu hai catro anos, con TEL. Recibe apoio de dúas sesións semanais de P.T, e dúas de A.L. O resto do grupo presenta unas características dentro da homoxeneidade. Asisten á Relixión 7 nenos/as e a Valores Sociais e Cívicos 1 neno impartida por min.

As súas características a nivel evolutivo xeral son:

- **Desenvolvemento afectivo-social**

A estas idades os compañeiros cobran un papel protagonista. A vida e o traballo en grupo aumentan, cobrando un papel fundamental as actividades cooperativas e competitivas. Os grupos tenden a ser homoxéneos, en relación a sexo ou idade. Os pais e profesores perden relativamente protagonismo. Deixan de ser as fontes de autoridade intelectual e moral.

- **Desenvolvemento moral**

Os nenos/as pasan de entender unha norma como un ben en si mesma desligada de calquera valoración persoal, a vela como resultado dunha necesidade do grupo. Tenden a aplicar a norma sen moita flexibilidade. Consideran que a norma débese empregar en igualdade de condicións para todos e non entenden a relatividade de cada situación. A estas idades, os nenos/as empezan a analizar os feitos desde un punto de vista persoal, a entender a xustiza e as normas de forma máis crítica e a gozar aceptando pequenas responsabilidades. Evolucionan gradualmente cara a posicións superiores de autonomía moral, con criterios propios para xulgar as súas actuacións persoais.

- **Desenvolvemento persoal**

A estas idades xa poden reflexionar sobre os seus propios pensamentos e sentimentos, anticipar o pensamento dos outros, e comprender que son xulgados polos demais da mesma xeito que eles xulgan. Os nenos e nenas chegan a estes niveis educativos cunha experiencia escolar e vital previa importante. O seu marco de referencia amplíase, e lentamente, vanse independizando do seu contexto. Crean, paulatinamente, o seu autoconcepto, mediante a valoración da súa imaxe ante si mesmos e ante os demais. Para iso ten gran importancia o concepto que os adultos (o profesorado, neste caso, é decisivo) teñen deles e póñenlles de manifesto.

- **Desenvolvemento motor**

A estas idades, os nenos/as presentan unha boa coordinación xeral, tanto en repouso como en movemento. Isto permítelles un adecuado dominio do espazo que favorecerá a súa propia organización nel. A súa motricidade é máis eficaz e precisa. Permítelles maior resistencia e mellor execución.

- **Desenvolvemento da linguaxe**

A estas idades o desenvolvemento da linguaxe caracterízase por: dominio das habilidades de lectura e escritura. Ampliación do vocabulario. O progreso do pensamento concreto inflúe na formación de conceptos. Utilización correcta da concordancia de artigos e pronomes. Progresos na comprensión e utilización da linguaxe matemática. A linguaxe corporal utilízase de forma máis precisa. Dominan perfectamente a linguaxe verbal, o que lles permite, á súa vez, organizar adecuadamente o pensamento mediante as súas funcións de comunicación, representación e regulación de condutas.

- **Desenvolvemento cognitivo**

O desenvolvemento cognitivo ás idades de 8-10 anos caracterízase por: Subperíodo de organización das operacións lóxico-concretas. Reversibilidade operatoria máis ampla. Aumenta a plasticidade do pensamento. Capacidade de análise e síntese. Aumento da curiosidade e do interese por coñecer detalles e clasificar. Aumenta a capacidade memorística. Capacidade de comprender ou integrar accións realizadas. Capacidade de dar sentido á experiencia. Manexan conceptos medibles de espazo e tempo. Son capaces de reflexionar sobre a súa propia actividade en todas as ordes e tamén nos novos contidos que van adquirindo. Así, poden profundar en coñecementos teóricos (sobre lingua, matemáticas, ciencias, etc.) antes inalcanzables.

## 2.-Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

Traballar por competencias na aula supón unha reflexión e unha reconfiguración dos contidos que permita o adestramento destas. As competencias non se estudan, nin se ensinan, adéstranse. Para iso, hai que xerar tarefas de aprendizaxe onde favorezamos nos nosos alumnos e nas alumnas a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías de aula activas.

Para describir o grado de competencia dos nosos alumnos/as empregarei os descritores que «describen» o alumnado competente neste ámbito. En cada unidade didáctica pertencente ás áreas ou proxectos levados a cabo concretarei o descriptor. O desempeño será o aspecto concreto da competencia que se pretende adestrar e avaliar de xeito explícito na unidade, será concreto e obxectivo e indícanos que debemos adestrar e observar nas actividades deseñadas.

Para o seu desenvolvemento, partimos dun marco de descritores competenciais definido para o proxecto, aplicable a toda materia e curso.

Respectando o tratamento específico nalgúns áreas, os elementos transversais, tales como a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional, traballaranse desde todas as áreas, posibilitando e fomentando que o proceso de ensinanza-aprendizaxe dos alumnos sexa o máis completo posible.

Por outra banda, o desenvolvemento de valores, presentes tamén en todas as áreas, axudará a que os nosos alumnos e as nosas alumnas aprendan a desenvolverse desde uns determinados valores que constrúan unha sociedade ben consolidada na que todos poidamos vivir.

A diversidade de alumnos e alumnas cos seus estilos de aprendizaxe distintos levaranos a traballar desde as diferentes potencialidades con que contan, apoiándonos sempre nas súas fortalezas para poder darlles resposta ás súas necesidades.

A Lei 8/2013 do 9 de decembro da Mellora da Calidade Educativa (LOMCE), e o Decreto 105/14 que establece o currículo de educación primaria na CC.AA de Galicia, na que está baseada esta programación, establece as seguintes competencias clave:

1. Comunicación lingüística (CCL).
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).
3. Competencia dixital (CD).
4. Aprender a aprender (CAA).
5. Competencias sociais e cívicas (CSC).
6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
7. Conciencia e expresións culturais (CCEC).

## 3.-Obxectivos. Contidos. Criterios de avaliación. Estándares de aprendizaxe.

### Obxectivos

O artigo 3 do D.105/14 recolle que a etapa da educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nenas as distintas capacidades que lles permitan alcanzar os seguintes obxectivos ao longo de toda a Educación Primaria:

- a) *Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.*
- b) *Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.*

- c) *Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.*
- d) *Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.*
- e) *Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.*
- f) *Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situación cotiás.*
- g) *Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.*
- h) *Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.*
- i) *Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.*
- j) *Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.*
- k) *Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.*
- l) *Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.*
- m) *Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuizos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.*
- n) *Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.*
- o) *Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.*

Contidos. Criterios de avaliación. Estándares de aprendizaxe.

ÁREA DE CIENCIAS DA NATUREZA

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>BLOQUE 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Iniciación á actividade científica.</li> <li>▪ B1.2. Emprego de diferentes fontes de información.</li> <li>▪ B1.3. Lectura de textos propios da área.</li> <li>▪ B1.4. Utilización das tecnoloxías da información e comunicación para buscar e seleccionar información, simular procesos e comunicar conclusións sobre os traballos realizados.</li> <li>▪ B1.5. Uso progresivamente autónomo do tratamento de textos (axuste de páxina, inserción de ilustracións ou notas, imaxes etc.). Xestión de ficheiros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facendo predicións sobre sucesos naturais, integrando datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes directa e indirectas e comunicando os resultados en diferentes soportes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analízala, obtén conclusións, elabora informes para o rexistro de plan de traballo e comunica, de forma oral e escrita, as conclusións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB1.1.2. Expresa oralmente e por escrito, de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB1.1.3. Emprega de forma autónoma o tratamento de textos (axuste de páxina, inserción de ilustracións ou notas etc).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CMCT</li> <li>▪ CD</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB1.1.4. Manexa estratexias axeitadas para acceder á información dos textos de carácter científico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.6. Aproximación experimental a cuestións científicas próximas á súa realidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Establecer conxecturas tanto respecto de sucesos que ocorren dunha forma natural como sobre os que ocorren cando se provocan a través dun</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB1.2.1. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións, identificando os criterios e as consecuencias das decisións tomadas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>



ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		experimento ou dunha experiencia.		
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.7. Traballo individual e cooperativo.</li> <li>▪ B1.8. A igualdade entre homes e mulleres. A conduta responsable.</li> <li>▪ B1.9. A relación cos demais. A resolución pacífica de conflitos. Toma de decisións: criterios e consecuencias.</li> <li>▪ B1.10. Técnicas de traballo. Recursos e técnicas de traballo individual. Desenvolvemento de hábitos de traballo, esforzo e responsabilidade.</li> <li>▪ B1.11. Hábitos de prevención de enfermidades e accidentes, na aula e no centro.</li> <li>▪ B1.12. Emprego de diversos materiais, tendo en conta as normas de seguridade.</li> <li>▪ B1.13. Elaboración de</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Traballar de forma cooperativa, apreciando o coidado pola seguridade propia e a dos seus compañeiros/as, coidando as ferramentas e facendo uso adecuado dos materiais</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB1.3.1. Utiliza estratexias para estudar e traballar de forma eficaz, individualmente e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.</li> <li>▪ CNB1.3.2. Coñece e emprega as normas de uso e de seguridade dos instrumentos, dos materiais de traballo e das tecnoloxías da información e comunicación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> </ul>

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	protocolos de uso das TIC na aula. ▪ B1.14. Valoración da necesidade de controlar o tempo destinado ás tecnoloxías da información e da comunicación e o seu poder de adición.			
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ e</li> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ i</li> <li>▪ m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.15. Planificación e realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións, formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, montando, realizando e extraendo conclusións e presentando informes en diferentes soportes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.4. Realizar proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións e presentar informes coas conclusións en diferentes soportes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB1.4.1. Realiza proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, realizando, extraendo conclusións e comunicando os resultados.</li> <li>▪ CNB1.4.2. Presenta un informe, de forma oral ou escrita, empregando soportes variados, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, internet) cando traballa de forma individual ou en equipo na realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<b>BLOQUE 2 - O SER HUMANO E A SAÚDE</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. O corpo humano e o seu funcionamento.</li> <li>▪ B2.2. Anatomía e fisioloxía.</li> <li>▪ B2.3. Células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB2.1.1. Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do ser humano.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.4. Diferentes tipos de células. Os virus e as bacterias.</li> </ul>	<p>establecer algunhas relacións fundamentais entre elas e determinados hábitos de saúde.</p>		
<ul style="list-style-type: none"> <li>e</li> <li>h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.5. As funcións vitais no ser humano.</li> <li>B2.6. Función de relación (órganos dos sentidos, sistema nervioso e aparello locomotor).</li> <li>B2.7. Función de nutrición (aparells respiratorio, dixestivo, circulatorio e excretor).</li> <li>B2.8. Función de reprodución (aparello reprodutor).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.2. Coñecer o funcionamento de células, tecidos, órganos, aparellos, sistemas: a súa localización, forma, estrutura, funcións, coidados etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CNB2.2.1. Identifica e describe as principais características dos aparellos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor e explica as principais funcións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>a</li> <li>b</li> <li>c</li> <li>d</li> <li>h</li> <li>k</li> <li>m</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.9. Saúde e enfermidade.</li> <li>B2.10. Principais enfermidades que afectan aos aparellos e sistemas do organismo humano.</li> <li>B2.11. Hábitos saudables para previr enfermidades.</li> <li>B2.12. Trastornos alimenticios.</li> <li>B2.13. Efectos nocivos do consumo de alcohol e drogas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B2.3. Relacionar determinadas prácticas de vida co adecuado funcionamento do corpo, adoptando estilos de vida saudables e coñecendo as repercusións para a saúde.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CNB2.3.1. Recoñece estilos de vida saudables e os seus efectos sobre o coidado e mantemento do funcionamento global do corpo.</li> <li>CNB2.3.2. Coñece e explica os principios das dietas equilibradas, identificando as prácticas saudables para previr e detectar os riscos para a saúde.</li> <li>CNB2.3.3. Recoñece os efectos nocivos do consumo de alcohol e drogas.</li> <li>CNB2.3.4. Observa, identifica e describe algúns avances da ciencia que melloran a saúde (medicina, produción e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CCL</li> <li>CSC</li> <li>CMCCT</li> <li>CCL</li> <li>CAA</li> <li>CSC</li> <li>CMCCT</li> <li>CAA</li> <li>CSC</li> <li>CMCCT</li> <li>CCL</li> <li>CSC</li> </ul>

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.14. Tipos de dietas.</li> <li>▪ B2.15. Análise de etiquetas de produtos.</li> <li>▪ B2.16. Avances da ciencia que melloran a saúde e a vida.</li> <li>▪ B2.17. Coñecemento de actuacións básicas de primeiros auxilios.</li> </ul>		<p>conservación de alimentos, contabilización da auga etc.).</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB2.3.5. Coñece técnicas de primeiros auxilios, en situacións simuladas e reais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<b>BLOQUE 3. OS SERES VIVOS</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Seres vivos, seres inertes. Diferenciación.</li> <li>▪ B3.2. Organización e estrutura dos seres vivos: células, tecidos: tipos; órganos; aparellos e sistemas: principais características e funcións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Coñecer a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, tipos, órganos, aparellos e sistemas: identificando as principais características e funcións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB3.1.1. Identifica e describe a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas nomeando as principais características e funcións de cada un deles.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> <li>▪ l</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ C</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Coñecer diferentes niveis de clasificación dos seres vivos, atendendo ás súas características e tipos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB3.2.1. Identifica as características e clasifica os seres vivos:                             <ul style="list-style-type: none"> <li>- Reino animal.</li> <li>- Reino das plantas.</li> <li>- Reino dos fungos.</li> <li>- Outros reinos.</li> </ul> </li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> <li>CNB3.2.2. Utiliza guías na identificación científica de animais e plantas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>CNB3.2.3. Explica a importancia da fotosíntese para a vida na Terra.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>a</li> <li>e</li> <li>h</li> <li>l</li> <li>i</li> <li>o</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.6. As relacións entre os seres vivos. Cadeas alimentarias. Poboacións, comunidades e ecosistemas. Características e compoñentes dun ecosistema.</li> <li>B3.7. Ecosistemas: pradería, poza, lagoa, bosque, litoral e cidade e os seres vivos. A biosfera, diferentes hábitats dos seres vivos.</li> <li>B3.8 Hábitos de respecto e coidado cara aos seres vivos.</li> <li>B3.9. Uso de medios tecnolóxicos para o estudo dos seres vivos.</li> <li>B3.10. Interese pola observación e polo estudo rigoroso de todos os seres vivos.</li> <li>B3.11. Uso da lupa para a</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B3.3. Investigar as características de ecosistemas do seu contorno mediante a recollida de datos, facendo hipóteses, empregando diversas fontes de información e presentando os resultados en diferentes soportes, mostrando interese pola rigorosidade e hábitos de respecto e coidado cara aos seres vivos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CNB3.3.1. Investiga e explica as relacións entre os seres vivos. Cadeas alimentarias. Poboacións, comunidades e ecosistemas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCT</li> <li>CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>CNB3.3.2. Recoñece e explica algúns ecosistemas: pradería, charca, bosque, litoral e cidade e os seres vivos que neles habitan.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>CNB3.3.3. Observa e identifica diferentes hábitats dos seres vivos facendo fincapé no coidado destes e nomea algunhas causas de extinción de especies.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>CNB3.3.4. Usa a lupa e outros medios tecnolóxicos para a observación científica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>CNB3.3.5. Observa e rexistra algún proceso asociado á vida dos seres vivos, utilizando os instrumentos e os medios audiovisuais e tecnolóxicos apropiados, comunicando de xeito oral e escrito os resultados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CCL</li> <li>CD</li> <li>CAA</li> </ul>

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	observación científica.			
<b>BLOQUE 4. MATERIA E ENERXÍA</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Concepto de enerxía. Diferentes formas de enerxía. A luz como fonte de enerxía.</li> <li>▪ B4.2. Electricidade: a corrente eléctrica. Circuitos eléctricos. Magnetismo: o magnetismo terrestre. O imán: o compás.</li> <li>▪ B4.3. Os cambios de estado. As reaccións químicas: a combustión, a oxidación e a fermentación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Coñecer leis básicas que rexen fenómenos como a reflexión da luz, a transmisión da corrente eléctrica, os cambios de estado e as reaccións químicas: a combustión, a oxidación e a fermentación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB4.1.1. Investiga a través da realización de experiencias sinxelas para achegarse ao coñecemento das leis básicas que rexen fenómenos como a reflexión da luz, a transmisión da corrente eléctrica e os cambios de estado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB4.1.2. Investiga a través da realización de experiencias sinxelas para achegarse ao coñecemento das leis básicas que rexen reaccións químicas: combustión, oxidación e fermentación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.4. Fontes de enerxía e materias primas: a súa orixe. Enerxías renovables e non renovables.</li> <li>▪ B4.5. Fontes de enerxías renovables e non renovables. O desenvolvemento enerxético, sostible e equitativo.</li> <li>▪ B4.6. Utilidade dalgúns avances, produtos e materiais para a sociedade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Coñecer as características das fontes de enerxía e materias primas renovables e non renovables e relacionalas co desenvolvemento enerxético e sostible.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB4.2.1. Identifica e explica algunhas das principais características das diferentes formas de enerxía: mecánica, lumínica, sonora, eléctrica, térmica e química.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB4.2.2. Identifica e explica os beneficios e riscos relacionados coa utilización das enerxías renovables e non renovables: esgotamento, choiva ácida, radioactividade, expoñendo posibles actuacións para un desenvolvemento sostible.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCL</li> </ul>

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.7. Planificación e realización de experiencias diversas para estudar as propiedades de materiais de uso común e o seu comportamento diante da luz, o son, a calor, a humidade e a electricidade.</li> <li>▪ B.4.8. Predición de cambios no movemento ou na forma dos corpos por efecto das forzas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.3. Planificar e realizar sinxelas investigacións para estudar o comportamento dos corpos diante das forzas, a luz, a electricidade, o magnetismo, a calor ou o son.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB4.3.1. Planifica e realiza sinxelas experiencias e predí cambios no movemento, na forma ou no estado dos corpos por efecto das forzas ou das achegas de enerxía, comunicando o proceso seguido e o resultado obtido.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB4.3.2. Observa de xeito sistemático, aprecia e explica os efectos da calor no aumento de temperatura e dilatación dalgúns materiais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.9. Observación dalgúns fenómenos de natureza eléctrica e os seus efectos (luz e calor).</li> <li>▪ B4.10. Atracción e repulsión de cargas eléctricas.</li> <li>▪ B4.11. Separación de compoñentes dunha mestura mediante destilación, filtración, evaporación ou disolución.</li> <li>▪ B4.12. Reaccións químicas: a combustión, a oxidación e a fermentación.</li> <li>▪ B4.13. Normas de prevención de riscos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.4. Realizar experiencias sinxelas e pequenas investigacións sobre diferentes fenómenos físicos e químicos da materia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB4 4.1 Identifica, experimenta e exemplifica argumentando algúns cambios de estado e a súa reversibilidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB4.4.2. Separa os compoñentes dunha mestura mediante destilación, filtración, evaporación ou disolución.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB4.4.3. Presenta conclusións de procesos de investigación, experiencias sinxelas ou proxectos sobre diferentes fenómenos físicos e químicos da materia, en diferentes soportes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB4.4.4. Identifica e expón as principais características das reaccións químicas: combustión, oxidación e fermentación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB4.4.5. Respecta as normas de uso, de seguridade e de mantemento dos instrumentos de observación e dos materiais de traballo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> </ul>

ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>BLOQUE 5. A TECNOLOXÍA, OBXECTOS E MÁQUINAS</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Máquinas e aparellos. Tipos de máquinas na vida cotiá e a súa utilidade.</li> <li>▪ B5.2. Análise de operadores e emprego na construción dun aparello.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Coñecer os principios básicos que rexen as máquinas e os aparellos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB5.1.1. Identifica diferentes tipos de máquinas e clasifícaaas segundo o número de pezas, o xeito de accionalas e a acción que realizan.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB5.1.2. Observa, identifica e describe algúns dos compoñentes das máquinas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB5.1.3. Observa e identifica algunha das aplicacións das máquinas e dos aparellos e a súa utilidade para facilitar as actividades humanas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ g</li> <li>▪ h</li> <li>▪ j</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.3. Construción de estruturas sinxelas que cumpran unha función ou condición para resolver un problema a partir de pezas moduladas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.2. Planificar a construción de obxectos e aparellos cunha finalidade previa, empregando fontes enerxéticas, operadores e materiais apropiados, realizando o traballo individual e en equipo e proporcionando información sobre que estratexias se empregaron.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB5 2.1 Constrúe algunha estrutura sinxela que cumpra unha función ou condición para resolver un problema a partir de pezas moduladas (escaleira, ponte, tobogán etc.)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ e</li> <li>▪ h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.4. A electricidade no desenvolvemento das máquinas.</li> <li>▪ B5.5. Elementos dos circuitos eléctricos.</li> <li>▪ B5.6. Efectos da electricidade.</li> <li>▪ B5.7. Condutores e illantes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.3. Realizar experiencias sinxelas para coñecer as leis básicas que rexen a transmisión da corrente eléctrica.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB5.3.1. Identifica os elementos dun circuito eléctrico, constrúe un e explica algúns efectos da electricidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCL</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CNB5.3.2. Observa e identifica as principais características dos imáns e relaciona electricidade e magnetismo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CMCCT</li> </ul>



ÁREA	CIENCIAS DA NATUREZA		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.8. A relación entre electricidade e magnetismo.</li> </ul>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>e</li> <li>h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.9. A ciencia: presente e futuro da sociedade.</li> <li>B5.10. Beneficios e riscos das tecnoloxías e produtos.</li> <li>B5.11. Importantes descubrimentos e inventos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.4. Coñecer os principais avances da ciencia e da tecnoloxía. Identificar os beneficios e riscos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CNB5.4.1. Coñece e explica algúns dos grandes descubrimentos e inventos da humanidade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CMCCT</li> <li>CSC</li> </ul>
			<ul style="list-style-type: none"> <li>CNB5.4.2. Coñece e explica algúns dos avances da ciencia no fogar e na vida cotiá, na medicina, na cultura e no lecer, na arte, na música, no cine e no deporte e nas tecnoloxías da información e a comunicación.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CMCCT</li> <li>CCL</li> <li>CSC</li> <li>CCEC</li> </ul>

## ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	SEXTO
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>e</li> <li>h</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.1. Iniciación ao coñecemento científico, toma de conciencia das fases do mesmo e a súa aplicación nas Ciencias sociais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.1. Obter información concreta e relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, utilizando diferentes fontes (directas e indirectas)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSB1.1.1. Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, a analiza, obtén conclusións, reflexiona respecto ao proceso seguido e o comunica oralmente e/ou por escrito.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CAA</li> <li>CMCCT</li> <li>CCL</li> <li>CD</li> </ul>
	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.2. Recollida de información do tema a tratar, utilizando diferentes fontes (directas e indirectas).</li> </ul>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>e</li> <li>h</li> <li>i</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.3. Utilización das tecnoloxías da información e a comunicación para buscar e seleccionar información, simular procesos e presentar conclusións.</li> <li>B1.4. Desenvolvemento de estratexias para organizar, assimilar e recuperar a</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B1.2. Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación para obter información e como instrumento para aprender, e expresar contidos sobre Ciencias sociais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CSB1.2.1. Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación (internet, blogs, redes sociais...) para elaborar traballos coa terminoloxía adecuada aos temas tratados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CD</li> <li>CAA</li> <li>CCL</li> <li>CMCCT</li> <li>CSC</li> </ul>

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	SEXTO
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	información obtida mediante diferentes métodos e fontes. ▪ B1.5.Técnicas de traballo intelectual.		▪ CSB1.2.2.Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e a comunicación.	▪ CD ▪ CAA ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CSC
▪ e ▪ h ▪ b ▪ i ▪ o	▪ B1.6.Estratexias para desenvolver a responsabilidade, a capacidade de esforzo e a constancia no estudo. Elaboración dun glosario colectivo.  ▪ B1.7.Uso e utilización correcto de diversos materiais cos que se traballa. ▪ B1.8.Utilización e lectura de diferentes linguaxes textuais e gráficos.	▪ B1.3.Desenvolver a responsabilidade, a capacidade de esforzo e a constancia no estudo.	▪ CSB1.3.1.Emprega con rigor e precisión o vocabulario adquirido para elaborar traballos coa terminoloxía axeitada aos temas tratados.	▪ CCL ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSC
			▪ CCB1.3.2.Expón oralmente de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa área, que manifesten a comprensión de textos orais e /ou escritos.	▪ CCL ▪ CAA ▪ CMCCT ▪ CSC
▪ h ▪ b ▪ i	▪ B1.9.Fomento de Técnicas de animación á lectura de textos de divulgación das Ciencias sociais (de carácter social, xeográfico e histórico). A prensa escrita e dixital como fonte de información.	▪ B1.4.Realizar traballos e presentacións a nivel individual e grupal que supoñan a busca, selección e organización de textos de carácter social, xeográfico ou histórico, amosando habilidade para traballar tanto individualmente como de maneira colaborativa dentro dun equipo.	▪ CSB1.4.1.Realiza traballos e presentacións a nivel individual e grupal que supoñen a busca, selección e organización de textos de carácter xeográfico, social e histórico.	▪ CAA ▪ CD ▪ CSIEE ▪ CSC ▪ CCL ▪ CMCCT
▪ h ▪ b	▪ B1.10.Utilización de técnicas para potenciar a cohesión do grupo e o traballo cooperativo.	▪ B1.5.Valorar o traballo en grupo, amosando actitudes de cooperación e participación responsable, aceptando as diferenzas con respecto e tolerancia cara ás ideas e achegas alleas nos diálogos e debates.	▪ CSB1.5.1.Utiliza estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo, e amosa habilidades para a resolución pacífica de conflitos.	▪ CSC ▪ CAA ▪ CSIEE
			▪ CSB1.5.2.Participa en actividades de grupo adoptando un comportamento	▪ CSC ▪ CAA

ÁREA	CIENCIAS SOCIAIS		CURSO	SEXTO
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			responsable, construtivo e solidario e respecta os principios básicos do funcionamento democrático.	
<p>B4.1. Utilizar as nocións xeométricas de paralelismo, perpendicularidade, simetría, xeometría, perímetro e superficie para describir e comprender situacións da vida cotiá.</p>	<p>MTB4.1.1. Identifica e representa ángulos en diferentes posicións: consecutivos, adxacentes, opostos polo vértice...</p>
<p>B4.2. Comprender o método de calcular a área dun paralelogramo, triángulo, trapecio e rombo. Calcular a área de figuras planas.</p>	<p>MTB4.2.1. Calcula a área e o perímetro de: rectángulo, cadrado e triángulo.                  MTB4.2.2. Aplica os conceptos de perímetro e superficie de figuras para a realización de cálculos sobre planos e espazos reais e para interpretar situacións da vida diaria</p>
<p>B4.3. Utilizar as propiedades das figuras planas para resolver problemas.</p>	<p>MTB4.3.1. Identifica e diferencia os elementos básicos da circunferencia e círculo: centro, raio, diámetro, corda, arco, tanxente e sector circular.</p>
<p>B4.4. Identificar, resolver problemas da vida cotiá axeitados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados</p>	<p>MTB4.4.1. Resolve problemas xeométricos que impliquen dominio dos contidos traballados, utilizando estratexias heurísticas de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando, e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e</p>

e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	a conveniencia da súa utilización.
<b>PLÁSTICA 5º</b>	
B3.1. Coñecer e utilizar as ferramentas básicas do debuxo xeométrico.	EPB3.1.1 Coñece e usa as principais ferramentas básicas do debuxo xeométrico (regla, escuadro, cartabón, semicírculo etc.) EPB3.1.6. Representa formas xeométricas con precisión e coa axuda da cuadrícula e as ferramentas básicas.

Respecto do punto c) a situación emocional do alumnado pode dicir que foi bastante estable dada a situación que estabamos a vivir, xa que o contacto virtual diario co grupo e a nivel individual e diariamente coas familias foi un punto moi positivo que permitiu acadar cohesión no mesmo.

Partindo desta información e recompilando os estándares imprescindibles que considere apliquei unas probas nas áreas de lingua castelá, lingua galega e matemáticas sendo os resultados acadados indicativos de necesidade de reforzo e afiancación de contidos nas materias de linguas galega e castelá e nas matemáticas. Os instrumentos para levar a cabo a avaliación inicial, e seguindo estas directrices, son:

- *Probas estandarizadas escritas*
- *Observación directa*
- *Portfolio de rexistro do 3º trimestre do curso pasado e das avaliacións dos 3 trimestres.*
- *Acta de avaliación do 3º trimestre que recolle a situación COVID-19 neste período.*
- *Contidos a reforzar nos alumnos recollidos no informe final.*

Alumno/a	Contidos a reforzar		
X.	Verbos, Pronome, Oracións	Capacidade e masa, Superficies, Cálculo mental, operacións con números	
GU.	Verbos, Pronome, Oracións	Capacidade e masa, Superficies, Cálculo mental, operacións con números	
BL.	Ortografía, Verbos, Pronome, Oracións	Capacidade e masa, Superficies, Cálculo mental, operacións con números	
LU.	Ortografía, Verbos, Pronome, Oracións	Capacidade e masa, Superficies, Cálculo mental, operacións con números	
AL.	Ortografía, Verbos, Pronome, Organización e planificación das tarefas , Oracións	Capacidade e masa, Superficies, Cálculo mental, operacións con números	Moitas dificultades na organización e planificación. Precisa axuda neste aspecto.
AD.	Ortografía, Verbos, Pronome, Oracións Organización e planificación das tarefas, Lectura oral e silenciosa, Comprensión, Organización e expresión da información. Seguimento da ACS.  (En L.Galega custa moito chegar aos mínimos)	Capacidade e masa, Superficies, Cálculo mental, operacións con números	Traballar axustándonos a ACS. Precisa de moito apoio e reforzo nas linguas. Precisa reforzar na organización do traballo, frear a impulsividade nas outras materias para executar con máis reflexión.
IR.	Ortografía, Verbos, Pronome, Oracións	Capacidade e masa, Superficies, Cálculo mental, operacións con números	
DA.	Ortografía, Lectura oral e silenciosa, Verbos, Pronome, Oracións	Capacidade e masa, Superficies, Cálculo mental, operacións con números	Tivo moita axuda na casa por parte da nai. Esforzouse moito neste trimestre. Precisamos reforzar e avaliar a lectura no vindeiro curso.

a) Estándares de aprendizaxe	Instrumento de avaliación	Rango aplicado
LCB1.1.1. Expresa de forma global, ideas, opinións e sentimentos con certa claridade	Observación directa	1-4
LCB1.1.2. Aplica as normas socio comunicativas: escoita atenta, espera de quendas, respecto da opinión dos e das demais.	Observación directa	1-4
LCB1.2.1. Integra de xeito global os recursos verbais e non verbais para comunicarse oralmente, identificando o valor comunicativo destes.	Observación directa	1-4
LCB1.2.2. Exprésase cunha pronunciación e dicción correctas.	Observación directa	1-4
L. C.B.1.3.1- Participa activamente con coherencia básica en diversas situación de comunicación: diálogos, exposicións orais, seguindo un modelo e guiadas con axuda cando cumpra das tecnoloxías da información e da comunicación.	Observación directa	1-4
LCB1.4.1. Identifica polo contexto o significado de distintas palabras	Observación directa Proba escrita	1-4
LCB1.4.2- Utiliza o vocabulario axeitado á súa idade para expresarse con progresiva precisión nos diferentes contextos de comunicación.	Observación directa	1-4
LCB1.5.1- Comprende de forma global a información xeral de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar de uso social Identifica o tema e selecciona as ideas principais en : noticias, contos, folletos informativos, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, receitas médicas,...	Proba escrita e oral.	1-4
LCB1.5.3- Responde a preguntas sinxelas correspondentes á comprensión literal.	Proba escrita e oral.	1-4
LCB1.6.3- Comprende de forma global o contido principal dunha entrevista, noticia ou debate infantil procedente dos medios de comunicación.	Proba escrita e oral. Observación directa	1-4
LCB1.7.1. Reproduce de memoria textos literarios, non literarios e propios, sinxelos e breves, axeitados aos seus gustos e intereses.	Proba oral.	1-4
LCB1.8.2. Organiza o discurso cunha secuencia coherente elemental, utilizando nexos básicos.	Observación directa.	1-4
LCB2.1.1- Le en voz alta, sen dificultade diferentes tipos de textos apropiados á súa idade.	Proba oral.	1-4
LCB3.1.1- Escribe con axuda e en diferentes soportes textos sinxelos propios da vida cotiá do ámbito escolar e social utilizando elementos de cohesión básicos: noticias, contos, folletos informativos, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, receitas, instrucións, normas,...	Proba escrita.	1-4
LCB3.1.2. Respecta as normas gramaticais e ortográficas básicas, propias do nivel .	Proba escrita.	1-4
LCB3.1.4- Presenta os seus traballos con caligrafía clara e limpeza, evitando riscos, inclinación de liñas, etc.	Proba escrita.	1-4
LGB2.1.1. Comprende a información relevante de textos procedentes dos medios de comunicación social ou propios de situacións cotiás.	Proba escrita.	1-4
LGB2.1.8. Faí unha lectura rápida, selectiva ou integral en función das necesidades de cada momento.	Proba oral	1-4
LGB2.7.2. Le textos en voz alta con fluidez e precisión.	Proba oral	1-4
LGB3.1.2. Elabora o texto cunha estrutura definida, con coherencia e cohesionando, de maneira xeral, os enunciados.	Proba escrita.	1-4
LGB3.1.4. Aplica, de maneira xeral, a norma lingüística: ortografía, acentuación, léxico, morfosintaxe e usa, habitualmente, unha linguaxe non sexista.	Proba escrita.	1-4
MTB2.1.2. Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as	Proba escrita.	1-4

milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.		
MTB2.2.1. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.	Proba escrita.	1-4
MTB2.4.2. Utiliza diferentes tipos de números en contextos reais, establecendo equivalencias entre eles, identificándoos e utilizándoos como operadores na interpretación e resolución de problemas.	Proba escrita.	1-4
<p>b) Resultados obtidos</p> <p>b1. De carácter global</p> <p>A nivel xeral, o grao de adquisición dos estándares de aprendizaxe avaliáveis imprescindibles en Linguas e Matemáticas, materias nas que avalíei, atopo dificultades na lectura, escritura, e comprensión.</p> <p>b2. Estándares deficitarios observados</p> <p>LCB1.4.2- Utiliza o vocabulario axeitado á súa idade para expresarse con progresiva precisión nos diferentes contextos de comunicación.</p> <p>LCB3.1.2. Respecta as normas gramaticais e ortográficas básicas, propias do nivel .</p> <p>LCB3.1.4- Presenta os seus traballos con caligrafía clara e limpeza, evitando riscos, inclinación de liñas, etc.</p> <p>LGB2.7.2. Le textos en voz alta con fluidez e precisión</p> <p>LGB3.1.2. Elabora o texto cunha estrutura definida, con coherencia e cohesionando, de maneira xeral, os enunciados.</p> <p>LGB3.1.4. Aplica, de maneira xeral, a norma lingüística: ortografía, acentuación, léxico, morfosintaxe e usa, habitualmente, unha linguaxe non sexista.</p>		
<p>c) Análise dos resultados e medidas adoptadas.</p> <p>c1. <b>Análise dos resultados</b></p> <p>Da análise realizada conclúo que terei que incidir nos estándares observados deficitarios e tomar as medidas oportunas de reforzo e ACS no seu caso.</p> <p>c2. <b>Descrición das medidas adoptadas a nivel grupal</b></p> <p>A nivel grupal este curso débense traballar a análise e a comprensión de textos orais, a fluidez na lectura en voz alta, a expresión escrita e facer fincapé en todos os aspectos gramaticais para mellorar todos aqueles procesos nos que se atoparon carencias.</p> <p>c3. <b>Descrición das medidas adoptadas a nivel individual</b></p> <p>Levarei a cabo plans de reforzo individuais e plan de reforzo titorial no caso da ACS neste curso.</p>		
<p>d) Valoración do deseño-aplicación e proposta de modificacións.</p> <p>Esta avaliación compúxose de probas escritas e algunhas actividades de carácter oral. A proba escrita consistía nunha batería de preguntas adaptadas á idade dos nenos. Ademais, complementouse cunha actividade de carácter oral para valorar a memorización e expresión dun texto escrito, así como a lectura e a expresión oral.</p> <p>Como propostas de mellora aos instrumentos utilizados, definir de xeito máis concreto:</p> <p>Acta de avaliación final do curso pasado (áreas impartidas, estándares imprescindibles deficitarios a nivel grupal e relación de alumnos/as con estándares imprescindibles deficitarios ) e medidas de intervención educativa adoptadas.</p> <p>Acta de avaliación inicial (materias impartidas, estándares imprescindibles deficitarios a nivel grupal e relación de alumnos/as con estándares imprescindibles deficitarios) e propostas de medidas de intervención educativa (medidas xerais, medidas específicas, medidas extraordinarias).</p>		

## 12.-Medidas de atención á diversidade.

### Referencias normativas e conceptualización.

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, modificada pola Lei Orgánica 8/2013 do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa, expón a esixencia de proporcionar unha educación de calidade a todo o alumnado, tendo ao mesmo tempo en conta a diversidade dos seus intereses, características e situacións persoais e establece a atención á diversidade como principio fundamental que debe rexer todo o ensino básico, co obxectivo de proporcionar a todo o alumnado unha educación adecuada es súas características e necesidades.

No seu preámbulo establece o seguinte:

Na etapa primaria ponse a énfase na atención á diversidade do alumnado e na prevención das dificultades de aprendizaxe, actuando tan pronto como estas si detecten. A adecuada resposta educativa a todos os alumnos concíbese a partir do principio de inclusión, entendendo que unicamente dese modo garántese o desenvolvemento de todos, favorécese a equidade e contribúese a unha maior cohesión social. A atención á diversidade é unha necesidade que abarca a todas as etapas educativas e a todos os alumnos/as.

E no articulado:

#### Artigo 1. Principios.

O sistema educativo español, configurado de acordo cos valores da Constitución e asentado no respecto aos dereitos e liberdades recoñecidos nela, inspírase nos seguintes principios:

e) A flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado, así como aos cambios que experimentan o alumnado e a sociedade.

Artigo 4.3. Sen prexuízo de que ao longo do ensino básico garántese unha educación común para os alumnos, adoptárase a atención á diversidade como principio fundamental. Cando tal diversidade o requira, adoptaranse as medidas organizativas e curriculares pertinentes, segundo o disposto na presente Lei.

O Decreto 105/14 que establece o currículo de educación primaria na CC.AA de Galicia establece no artigo 15. 1. que nesta etapa poñerá especial énfase na atención á diversidade do alumnado na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

As Instrucións do 30 de xullo de 2020 recollen no apartado 4 o seguinte:

Na atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) coidarase que todo o alumnado teña acceso ao proceso de ensinanza e aprendizaxe en calquera dos escenarios presentes e asegurárase a súa participación e implicación no desenvolvemento das accións educativas.

2. Atenderase aos diferentes modos que ten o alumnado de percibir e expresar a información para garantir a comprensión e a comunicación da mesma así como o axuste, de medios, tempos, instrumentos ou procedementos de avaliación, as s as circunstancias.

3. Diseñaranse e desenvolveranse plans de recuperación dos aspectos curriculares afectados pola suspensión da actividade lectiva presencial no curso 2019/2020, incluíndo neles as medidas de atención a diversidade en xeral e en particular as referidas ao alumnado con NEAE.

Tendo en conta o anterior:

### Medidas de atención á diversidade do alumno relacionadas co grupo específico de alumnos de 6º de primaria.

a) Alumnado que presenta necesidades específicas de apoio educativo, ou no seu caso, necesidades educativas especiais, sinalando as conclusións máis significativas que se derivan dos informes individualizados:

Un alumno con ACS.

Remítome aos informes finais curso 2019-2020.

b) Ademais recibe pola mestra titora

Apoio ordinario que se detalla no plan de reforzo tutorial.

c) Aspectos metodolóxicos que se contemplan:



***Dentro das medidas xerais, aplicables a todos os alumnos contémpanse:***

- A elección dunha metodoloxía que responda a todos os alumnos/as así como o emprego dos recursos necesarios.
- Utilización da plataforma EDIXGAL e ferramentas dixitais que permitan acadar a suficiente competencia dixital, tanto polo que atinxe á mesma competencia como no caso dun escenario de aprendizaxe non presencial.
- Selección e utilización de materiais curriculares iguais que os que se traballan co grupo-clase.
- Organización do tempo e o espazo (estructurar as actividades, apoios visuais,...)
- Diversificación de procedementos de avaliación (probos escritos, probos orais, situacións de exposición oral en gran grupo, actividades que impliquen a posta en práctica de competencias,...)
- Realización de tarefas globalizadas que requiran da posta en práctica de todas as competencias do alumnado, a aprendizaxe cooperativa, o uso das TIC como recurso didáctico, actividades que favorezan a auto-aprendizaxe, o pensamento crítico e creativo, a investigación mediante proxectos de traballo, entre outras.
- Realización de apoios ordinarios que se contemplan semanalmente nas distintas áreas especialmente linguas e matemáticas.
- Apoio a través da materia e Libre Configuración nas linguas.

**d) Proposta de medidas a tomar recollidas na acta da 3ª avaliación por parte da titora.**

- Buscar coa axuda do D.O, o vindeiro curso escolar, un tratamento integral de todas as linguas, establecendo unha coordinación titorial entre as linguas cooficiais e a Lingua inglesa, para evitar repetir contidos teóricos, facilitar a adquisición por semellanza na medida do posible, e intentar mellorar e acadar no máximo posible tamén unha suficiente competencia comunicativa.

**e) Relación do Plan de apoio que se achega:**

- Plan de reforzo titorial. ( ANEXO I- Programación)

### 13.-Actividades complementarias e extraescolares.

As actividades complementarias e extraescolares, están deseñadas para cumprir os obxectivos que se mencionan a continuación:

Desenvolver aspectos non contemplados nos currículos e que propician o desenvolvemento integral dos alumnos. Contribuír ao afianzamento de valores relacionados coa socialización, o respecto aos demais, a solidariedade e a conservación do medio ambiente.

Afianzar o rexeitamento ao consumo de sustancias nocivas e propiciar hábitos de alimentación e conduta que desenvolvan unha vida chea de saúde.

Servir de nexo de unión entre o centro e o mundo exterior, achegando ao alumno á súa contorna e estimulando o seu interese polo coñecemento e a cultura.

O obxectivo fundamental da nosa tarefa é conseguir o pleno desenvolvemento da personalidade formada no respecto aos principios democráticos de convivencia e os dereitos e liberdades fundamentais. Para conseguir este fin, as actividades lectivas deben completarse con outras que desenvolvan aspectos non incluídos nos currículos. Convencidos da importancia destas actividades, xa que contribúen a mellorar a calidade educativa e o desenvolvemento dos valores propios dunha sociedade democrática e participativa. Non existe unha soa forma de aprendizaxe da liberdade a través da linguaxe, senón que se dan tamén outros modos de aprendizaxe non verbais, esencialmente prácticos, que inflúen nos nenos /as de maneira decisiva porque envían mensaxes máis intensas e duradeiras e fan brotar intuicións e iniciativas creativas dentro deles. O elemento de diversión non debe ser o único que leve á realización das actividades complementarias. É posible por iso educar aos alumnos e ás alumnas para coñecer por que realizan unha determinada actividade, a programala e seleccionala en función das súas capacidades, interese e finalidades, e a avaliar o rendemento obtido. A visita a museos, fábricas, concertos, intercambios, estudo e goce do patrimonio natural, cultural, lingüístico, artístico, histórico e social e practica deportiva, e en xeral un emprego construtivo do lecer, van aparecendo ante os alumnos non xa como un xogo, senón como un fenómeno cultural con implicacións, sociolóxicas, culturais, estéticas e económicas, un fenómeno que han de ser capaces de valorar criticamente, asumindo as responsabilidades que supoñen a súa conservación e mellora, apreciando como fonte de goce e utilizándoo como recurso para o desenvolvemento individual e colectivo. Con elas preténdese que consigan:

- Relacionarse con outras persoas e participar en actividades de grupo con actitudes solidarias e tolerantes,

superando inhibicións e prexuízos, recoñecendo e valorando criticamente as diferenzas de tipo social e rexeitando calquera discriminación baseada en diferenzas de raza, sexo, clase social, crenzas e outras características individuais e sociais.

Analizar os mecanismos e valores que rexen a sociedade co seu funcionamento, en especial os relativos aos dereitos e deberes dos cidadáns, e adoptar xuízos e actitudes persoais con respecto a eles.

Coñecer as crenzas, actitudes e valores básicos da nosa tradición e patrimonio cultural, valorando criticamente e elixir aquelas opcións que mellor favorezan o seu desenvolvemento integral como persoas. Para que este plan se poda levar a cabo é precisa a participación dos distintos membros da comunidade escolar e da administración educativa. Tamén hai que propiciar a participación de institucións, organizacións e empresas que sen ánimo de lucro, poidan colaborar.

Diferenciamos entre celebracións escolares e saídas que se desenvolven fóra do centro.

Participamos dos dous tipos de actividades:

- As celebracións escolares nas que participamos son:
  - Festas do outono (Samaín e magosto)
  - Nadal.
  - Entroido.
  - Semana da Prensa.
  - Conmemoracións sinaladas no calendario escolar para este ano 2019-2020.
  - Semana do libro.
  - Letras Galegas.
  - Celebración do Fin de Curso.

Tamén nas actividades propostas a partires dos proxectos de centro: Biblioteca e Normalización que este ano teñen como fío condutor o Medio Ambiente.

As saídas escolares veñen xestionadas polo aproveitamento didáctico das mesmas e a concordancia co currículo escolar. Nembargantes condicionaremos ditas saídas a outros factores como son:

- Rentabilizar economicamente as saídas, aproveitando ó máximo as prazas do autobús.
- Tendo en conta a realidade do profesorado do centro.
- Este ano tendo en conta a situación COVID estamos a valorar, no momento de facer esta programación, a posibilidade de non facer estas saídas ou non.

As saídas e actividades complementarias que viñamos desenvolvendo ate o de agora son as seguintes pero este curso escolar estarán determinadas polas distintas situacións sanitarias que se poidan presentar e os protocolos de actuación:

TRIMESTRE	MES	CELEBRACIÓN/ SAÍDA
1º T	Outubro:	Samaín. 21/10- Día das Bibliotecas escolares.
	Novembro:	Magosto 20N- Día da Infancia 25N- Día Internacional contra a violencia de xénero.
	Decembro:	Do 2 ao 9 de decembro de 2019: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.  – 3 de decembro de 2019: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.  – 10 de decembro de 2019: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.  -Festival de Nadal
2º T	Xaneiro:	Día da paz. (30/1)

	Febreiro:	Entroido
	Marzo:	Día da muller traballadora. ( 8/3) Semana da Prensa (entre 6 e o 10) Día Mundial dos Dereitos do Consumidor(15 /3)
3º T	Abril:	Día Mundial da Saúde ( 7 /4) Día do Libro (entre 17- 21/4)
	Maio:	Semana das Letras Galegas Día de Europa (9/5)
	Xuño:	Día Mundial do Medio Ambiente (5 /6)

## 14.- Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das propias programacións didácticas e procesos de mellora.

A Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na CC.AA de Galicia no seu artigo 2.3 sinala “Os mestres e as mestras avaliarán tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensinanza e a súa propia práctica docente, para o cal establecerán indicadores de logro nas programacións docentes.”

Tendo en conta o anterior, na miña programación ten que constar :

O instrumento de avaliación e os indicadores de logro, que debería conter o Proxecto Curricular da Etapa (que no centro non se contempla).

A autoavaliación da propia programación didáctica, o seu proceso de aplicación e os resultados obtidos. Tralo proceso de autoavaliación, deberei definir un plan de mellora vinculado aos indicadores que obtiveran puntuacións máis baixas no instrumento de avaliación, co que se persiga mellorar os resultados académicos do alumnado.

Do anterior, remítome ao punto 10 da miña programación na que contemplo un formato orientativo de autoavaliación da programación didáctica, cos seus indicadores de logro.

## 15.- Plan e actividades de reforzo/ recuperación para alumnado que repite ou promociona con algunha materia pendente.

A Orde do 9 de xuño de 2016 pola que si regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia sinala no seu artigo 6 relativo á promoción de curso e de etapa nos seus apartados 1,3,4 e 4:

1. Ao finalizar cada un dos cursos, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de forma colexiada, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.

3. Cando un alumno ou unha alumna non promocione deberá permanecer un ano máis no mesmo curso. Esta medida poderá adoptarse unha soa vez durante la etapa, oídos os pais, as nais ou as persoas que exerzan a tutoría legal, e deberá ir acompañada dun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio.

4. A repetición consideraras unha medida de carácter excepcional e tomaras tras escotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver las dificultades de aprendizaxe do alumnado.

5. O alumnado que promocione de curso con algunha área con cualificación negativa deberá seguir un plan específico de recuperación.

Neste curso escolar non hai ningún alumno/a que repita do curso anterior polo que non se adxunta un plan específico de recuperación, aínda que hai un neno TEL que repetiu hai catro anos si ten plan de reforzo tutorial ademais do apoio que recibe de P.T e A.L.

### Instrumentos de avaliación e criterios de cualificación das materias pendentes.

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final das áreas troncais, específicas e de libre configuración autonómica serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliáveis.

Avaliación das competencias clave:

O progreso na adquisición das competencias clave forma parte da avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado. Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa nas avaliacións continua e final son os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliáveis que figuran nos anexos do Decreto 105/2014.

Na valoración do desenvolvemento das competencias do alumnado teranse en consideración os estándares de aprendizaxe avaliáveis das diferentes áreas que se relacionan cunha mesma competencia, os cales conforman o perfil desa competencia. Será a elaboración dese perfil quen facilite a avaliación do grao de adquisición das competencias por parte do alumnado.

Dos niveis de desempeño das competencias clave informarán os indicadores de logro, tales como rúbricas ou escalas de avaliación. Estes indicadores de logro deben incluír diferentes rangos de desempeño, tendo en conta o principio de atención á diversidade.

### PROCEDEMENTO AVALIACIÓN

Describen os mecanismos que se van seguir para realizar a avaliación do alumnado, tales como, entre outros, a observación sistemática do traballo dos alumnos, as probas orais e escritas, os protocolos de rexistro, ou os traballos de clase (art.7.6 Orde ECD/65/2015). O profesorado debe utilizar procedementos de avaliación variados como parte integral do proceso de ensino-aprendizaxe.

Cómpre incorporar nas programacións didácticas procedementos que permitan a participación do alumnado na avaliación dos seus logros, como a autoavaliación, a avaliación entre iguais ou a co avaliación. (art.7.6 Orde ECD/65/2015).

### INSTRUMENTO AVALIACIÓN

Medios ou recursos para a obtención de datos que ofrezan validez e fiabilidade na identificación das aprendizaxes adquiridas.

Existe unha estreita relación entre os procedementos e os instrumentos de avaliación, no sentido que estes últimos son os documentos ou rexistros a través dos que se concretan os procedementos de avaliación.

Para poder avaliar as competencias é necesario elixir, sempre que sexa posible, estratexias e instrumentos para avaliar ao alumnado de acordo cos seus desempeños na resolución de problemas que simulen contextos reais, mobilizando os seus coñecementos, destrezas, valores e actitudes.( art.7.1 Orde ECD/65/2015)

PROCEDEMENTOS	AVALIACIÓN	
	INSTRUMENTOS	
OBSERVACIÓN SISTEMÁTICA	Escala de observación Permite establecer estimación dentro dun continuo <ul style="list-style-type: none"> <li>Categorías: Identifica a frecuencia (Exemplo: Sempre, Ás veces, Nunca) ou caracterización (Exemplo: Iniciado, En proceso, Consolidado) da conduta a observar</li> <li>Númerica: Determina o logro e a intensidade do feito avaliado. Pódese utilizar a gradación de 1 a 4, de 1 a 5, de 1 a 6, ou a máis tradicional de 1 a 10</li> <li>Descritiva: Incorpora frases descritivas. Exemplo: "Traballa e trae o material pero non toma iniciativas", ou ben, "Suxire ideas e traballa adecuadamente"...</li> </ul>	
	Listas de control Registra a ausencia ou presenza de un determinado rasgo, condutas ou secuencia de accións. Caracterízase por aceptar soamente dúas características: si ou non, o logra ou non o logra, presente ou ausente, etc.	
	Registro anecdótico Fichas nas que se recollen comportamentos non previsibles de antemán e que poden aportar información significativa para valorar carencias ou actitudes positivas.	
	Diarios de clase Análise sistemática e continuada das tarefas diarias realizadas en clase. Pódense usar escalas de observación para o registro do seguimento efectuado.	
	Monografías Texto argumentativo que presenta e analiza os datos, obtidos de varias fontes, sobre unha determinada temática, analizados con visión crítica De compilación / De investigación / De análise de experiencia	
ANÁLISE DE PRODUCCIÓN DOS ALUMNOS	Resumos / Traballo de aplicación e síntese Caderno de clase / Caderno de campo Resolución de exercicios e problemas Textos escritos / Producións orais Producións plásticas ou musicais / Producións motrices Investigacións / Xogos de simulación e dramáticos	
INTERCAMBIOS ORAIS COS ALUMNOS	Diálogo / Entrevista / Asemblea / Posta en común	
PROBAS ESPECÍFICAS	Obxectivas / Abertas Interpretación datos / Exposición tema Resolución exercicios/problemas	
CUESTIONARIOS	Abertos; Pechados	
RÚBRICAS	Chámase rúbrica ao conxunto de criterios e estándares ligados aos obxectivos de aprendizaxe usados para avaliar a actuación do alumnado na creación de artigos, proxectos, ensaios e outras tarefas. As rúbricas permiten estandarizar a avaliación de acordo con criterios específicos, facendo a cualificación máis simple e transparente. Poden chegar a constituír escalas, como as utilizadas nas avaliacións de diagnóstico, si as respostas poden ser asociadas a uns determinados grupos de referencia normalizados.	
PORTAFOLIO	É un método de ensino, aprendizaxe e avaliación que consiste na achega de producións de diferente índole por parte do estudante, a través das cales pódense xulgar as súas capacidades no marco dunha disciplina ou materia de estudo.	

No caso de ter que aplicar uns instrumentos para recuperar unha materia pendente sería a través da avaliación continua e asustándose aos referentes da avaliación mediante os procedementos e instrumentos de avaliación.

- Plan de actividades de reforzo/ recuperación para alumnado que repite.

Non hai ningún alumno este ano que repita neste curso escolar pero podería incorporarse ao longo do curso.

## 16.- Libre configuración: Obradoiro de expresión oral e escrita en ambas linguas.

### Introdución e contextualización.

A programación para a área de libre configuración está dirixida aos nenos e nenas de 6º de Primaria. En concreto 8 nenas e nenos.

Dentro do marco do centro de traballar esta área dende a competencia lingüística, considero que a parte afectivo sexual é unha canle idónea para o traballo desta competencia en concreto e tódalas demais, xa que o centro de interese provoca unha necesidade de expresión tanto oral como escrita que favorece a adquisición da mesma.

### Fundamentación.

#### MARCO TEÓRICO

DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

**Artigo 3. Obxectivos da educación primaria.**

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

**Artigo 11. Elementos transversais.**

Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

Afectos e sexualidade acompañannos ao longo de toda a vida e na adolescencia constitúense nun dos centros de preocupación, xa que é a etapa na que as relacións elixidas entre quen comparten idade, centro de estudos, barrio, actividades deportivas, etc., empezan a configurarse como importantes e van gañando terreo ás que teñen lugar na familia.

Sabido é que os afectos son importantes na vida de todos, tanto de mozas como de mozos, pero que aínda pervive a idea de que as cuestións relativas a afectos e sentimentos son máis propias das mozas que dos mozos, xulgándose nelas como “natural” o que neles se valora como debilidade”, isto é, o dedicar tempo de preocupacións e conversacións a asuntos afectivos.

Esta diferente percepción ten a súa orixe nos estereotipos de xénero que aínda perviven con forza na nosa sociedade. O reto é, seguindo a María José Urruzola, que tanto as alumnas como os alumnos adquiran as capacidades básicas para o seu desenvolvemento humano: a autonomía persoal, a capacidade de ser responsables do propio proxecto de vida, o desenvolvemento da afectividade, a capacidade de comunicación, a intelixencia, a creatividade, a actividade e a eficiencia. Especificamente, o logro da autonomía persoal e emocional das mozas e que os mozos desenvolvan a ética do coidado, a expresión emocional e a empatía para a convivencia.

Destacar tres aspectos importantes na formación da afectividade e a sexualidade: a autoestima, a igualdade entre mozas e mozos e a igualdade entre as diferentes orientacións sexuais. Estes tres aspectos deben estar presentes ao longo de todo o desenvolvemento do proxecto para a Libre Configuración. É necesario facer algunhas consideracións xerais respecto de cada un deles, aínda que só dunha maneira analítica podemos consideralos separadamente, pois os tres gardan estreitas relacións entre si:

**Autoestima**

A autoestima é unha característica do ser humano que lle acompaña ao longo de toda a súa vida. Poderíamos definila como o que pensamos de nós mesmos respecto das propias capacidades para conseguir o que nos propomos.

O profesorado temos como obrigación potenciar a autoestima do noso alumnado resaltando as súas boas calidades e animándolles a desenvolvelas.

**Igualdade entre mozas e mozos**

Aínda que as leis do noso país contemplan dunha maneira explícita a igualdade entre homes e mulleres, con todo a súa implantación práctica require tempo e esforzo engadidos, pois aínda podemos ver, tanto no mundo escolar como fóra del, condutas que denotan a pervivencia do sexismo. A maioría das veces estes comportamentos son produto dos nosos automatismos conductuais que, en gran medida, son prerreflexivos e poden, mesmo, estar en contradición coas nosas crenzas, xa que o campo emocional, que é á vez individual e social, é o lugar de resistencia, ás veces inconsciente, ás transformacións sociais.

**Igualdade entre as diferentes orientacións sexuais**

A igualdade entre diferentes orientacións sexuais, do mesmo xeito que a de entre homes e mulleres, tamén está contemplada na lei e require do tramo da normalización social.

**17.-Accións de contribución ao proxecto lector, ao plan TIC e ao plan de convivencia.****Contribución ao Plan Lector do centro**

Respecto do Plan lector son fundamentais a planificación e organización escolar dentro da aula para contribuír a este Plan e así abarcar a diversidade de tipos de textos, situacións comunicativas e xéneros discursivos para conseguir que os alumnos/as estean capacitados para abordar non só textos continuos (como os narrativos, expositivos, descritivos, argumentativos, etc.) que se viñeron traballando tradicionalmente na escola, senón tamén outras variedades que os alumnos atoparán a cotío, coñecidos como textos discontinuos, que presentan doutro xeito a información ou a intención: mapas, anuncios, diagramas, táboas, cadros e gráficos, etc.

Hai que ter presentes os cambios experimentados no noso mundo, que introduciu a sociedade da información e a comunicación. Para obter máis información, analizarei aqueles criterios de avaliación e estándares de

aprendizaxe do seu perfil de área, directamente relacionados coa lectura. Y tal y como se pode observar, os criterios e estándares vinculados á mellora e á comprensión, achéganos información moi concreta respecto de aspectos como a tipoloxía de textos, ou contidos das lecturas.

Indícanse a continuación outras consideracións de carácter xeral:

a) Estratexias metodolóxicas que se aplicarán para o desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística e o fomento do hábito lector. Con elas, debería garantirse que: · Usar fontes de información e documentación diversas. · Propoñerose aos alumnos/as situacións comunicativas variadas.

· Abordaranse distintos tipos de textos e de xéneros en función das características dos alumnos/as . · As actividades do Plan Lector levaranse a cabo en formatos e soportes diversificados. · Poñerose un especial empeño en que os alumnos con necesidades específicas de apoio educativo avancen ata onde sexa posible na competencia en comunicación lingüística .

· Atenderanse as necesidades dos alumnos que por motivos persoais, familiares ou sociais requiran reforzo e apoio educativo na consecución da competencia en comunicación lingüística. · Ao programar as actividades vinculadas ao plan lector, debo prever e concretar as estratexias que pretendo desenvolver:

Ler cun fin. Buscar información. Expresar, expoñer, explicar a lectura.

Ampliar de forma compresiva o vocabulario novo, cun nivel crecente de complexidade. Recoñecer e utilizar palabras aprendidas durante a lectura. Recapitular periodicamente mentres se aborda un texto. Inferir a partir dun texto, en función do nivel de desenvolvemento dos alumnos. Xerarquizar as ideas dun texto.

Comprender a estrutura do texto proposto e realizar un esquema sobre el. Resumir un texto...

b) Tamén temos un tempo de uso semanal da biblioteca escolar, como recurso educativo que apoia o traballo dos alumnos/as, mediante intervencións pedagóxicas que fomentan a aprendizaxe autónoma.

c) Tamén contan con un tempo diario de lectura de lecer de 20 minutos no que se desenvolve un **taller de creación literaria (2 días)**, unha **lectura individual e posta en común de libro de lectura (mércores)**, análise da obra, experiencia persoal co libro,..., , ... e **Xogando con textos (2 días)** lecturas e contacontos para entreter practicando a escoita activa, comprensión, entoación lecturas de diferentes textos( factura, cómic, información de caixas de alimentos, tickets, carteis informativos,...

### Contribución ao Plan TIC

Tanto de forma individual dende cada aula coma de forma grupal, as TIC forman parte do noso centro e o alumnado participa nela. De forma individual cada aula coa súa titoría ten unha hora de informática na que desenvolvemos actividades encamiñadas a adquisición competencial dun bo manexo das TIC; Contamos na aula con encerado dixital que empregan en distintas actividades, e tamén ocorre na biblioteca coa busca de información e recursos. O emprego da ferramenta Edixgal supón a utilización de moitos recursos e ferramentas tecnolóxicas que contribúen a un desenvolvemento competencial nas TICs.

### Contribución ao Plan de convivencia

“Aprender a convivir” forma parte das finalidades básicas da educación e constitúe un dos principais desafíos dos sistemas educativos actuais na procura de sociedades máis modernas, xustas e democráticas; máis igualitarias, cohesionadas e pacíficas, nas que fenómenos como o acoso escolar, a violencia doméstica, a violencia de xénero, o maltrato...non teñan cabida.

A educación para a convivencia responde á necesidade de formar unha cidadanía preparada para desenvolver a súa vida respectándose a si mesma, ás demais persoas e responsabilizándose dos seus actos.

Os centros educativos son espazos onde compartimos vivencias xuntos, e iso é a convivencia. Todo canto alí acontece, non só o que pasa dentro das aulas, senón no entorno, adquire carácter educativo e pode facilitar ou dificultala. Cando nun centro xorden problemas de convivencia, tódalas persoas da comunidade educativa deben ser parte da súa solución. O obxectivo final é a mellora da convivencia no Centro como resultado da análise, da reflexión e do acordo; tendo en conta sempre que o primeiro Plan de Convivencia que elabora o Centro é a pedra angular sobre a que se irán apoiando os sucesivos plans de mellora da convivencia.

Para elo, ao longo de todo o curso, levamos a cabo diferentes accións e/ou actividades:

- Levaranse a cabo sesións de habilidades sociais na aula,

- Proposta de actividades para traballar a educación emocional e valores coa cal se pretende que sexan conscientes da xestión emocional das súas emocións e ao mesmo tempo a influencia desta na convivencia xeral. Estas accións, e outras que irán xurdindo ao longo do curso escolar, é un contido máis a levar a cabo ao longo deste ano porque aprender a convivir forma parte das finalidades básicas da educación e constitúe un dos principais desafíos dos sistemas educativos actuais.

### Concreción dos elementos transversais.

A inclusión dos elementos transversais no ensino ofrécenos unha magnífica oportunidade para reflexionar sobre a dimensión máis persoal da educación, porque permítenos ter en conta todo aquilo que nos permite “ser persoas”, traballar a afectividade, os sentimentos, a creatividade, a autoestima, a autonomía persoal respectando a un tal como é pero tamén a pertenza a un grupo, á importancia de sentirse querido e valioso/a para os demais.

Estes temas, polo seu carácter interdisciplinar, axudan a establecer conexións e a crear vínculos entre ciencia e experiencia, entre saber e vida. É importante que na miña programación quede constancia das decisións sobre como incluílos na actividade da clase e relacionalos cos elementos do currículo. Decisións como:

· Incorporalos a outros que lles sexan afíns. · Iniciar determinadas unidades didácticas con tópicos relativos a estas materias. · Partir dos valores que teñen en si mesmos e incorporalos ás áreas.

O tratamento dos temas transversais debe impregnar todo o proceso de ensino-aprendizaxe, e para iso debemos ter en conta que os valores que fomentan os temas transversais forman parte do contido das competencias clave, e que o seu tratamento transversal é unha vía para globalizar o ensino e realizar proxectos didácticos interdisciplinares.

A programación didáctica recollerá o ensino desde as diferentes unidades de programación dos seguintes temas transversais:

- A comprensión lectora
- A expresión oral e escrita
- A comunicación audiovisual
- As tecnoloxías da información e a comunicación
- Emprendemento
- A educación cívica e constitucional
- A prevención da violencia
- Ademais atendendo á especificidade da área, deberase de impulsar:
- A educación e a seguridade viaria.
- A actividade física e a dieta equilibrada.
- A aprendizaxe cooperativa e o desenvolvemento do asociacionismo entre o alumnado.
- O desenvolvemento sustentable e o medio ambiente.

Estes son comúns para todas as áreas. A especificidade do currículo de cada área permitirá ampliar o tratamento dos temas transversais. Os elementos transversais serán traballados ademais da area de Valores



Cívicos e Sociais que imparto a cinco alumnos/as do grupo, dende todas as áreas. Dous tipos de valores a traballar: *Valores sociais* que configuran o sistema educativo dándolle unha dimensión ética e que todos debemos coñecer e respectar, baseados nos valores, liberdades e dereitos constitucionais e nos dereitos humanos: igualdade entre homes e mulleres, prevención da violencia de xénero, tolerancia, solidariedade, xustiza, equidade. Son importantes porque sustentan a práctica da cidadanía democrática.

*Valores de tipo individual* que hai que desenvolver nos alumnos/as: liberdade e responsabilidade persoal, esforzo individual, prevención da violencia e resolución pacífica de conflitos, confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese, creatividade, espírito emprendedor, vida saudable (hixiene, dieta, e actividade deportiva) educación vial desenvolvemento sostible e medio ambiente, riscos derivados do uso das TIC.

Temas transversais para todas as áreas	UNIDADES DE PROGRAMACIÓN: Programación de aula														
	1ª Avaliación					2ª Avaliación					3ª Avaliación				
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15
A comprensión lectora															
A expresión oral e escrita															
A comunicación audiovisual															
As tecnoloxías da información e a comunicación.															
O emprendemento															
A educación cívica e constitucional															
A prevención da violencia															

## 18.-Profesorado que imparte docencia no grupo

- **TITORA: María Lemos Cerqueira**  
(*Ciencias Naturais, Ciencias Sociais, Lingua Galega, Lingua Castelá, Matemáticas, E.Artística-Plástica. Valores*)
- **E.FÍSICA: Begoña Martínez López**
- **E. ARTÍSTICA- MÚSICA- Iván Suárez Prada**
- **L. INGLESA- Tamara Fernández Amosa**
- **AUDICIÓN E LINGUAXE: Mª Isabel Lorenzo Fernández.**
- **PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA: Cristina Abalde Martínez**